

Resolución da Xerencia do 19 de setembro de 2022 pola que se aproban e publican as bases da convocatoria para elaborar unha listaxe de agarda da categoría profesional técnico/a deportivo/a de tenis, para cubrir temporalmente postos de traballo na Fundación Universidade de Santiago de Compostela.

O xerente, no exercicio das súas competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución do Padroado de data 22 de xuño de 2021, resolve convocar o proceso de selección, con suxeición ás seguintes,

BASES DA CONVOCATORIA

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P. (en adiante, a Fundación USC), é un medio propio da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa finalidade de interese xeral consiste en colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas.

A Fundación USC precisa regular o procedemento para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo incluídos na categoría de técnico/a deportivo/a de tenis.

O procedemento de selección para a configuración das bolsas de emprego atende aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, seguindo un proceso de selección que garanta ditos principios.

A Fundación USC procede a convocar unha **bolsa de emprego para realizar posibles contratacións temporais como técnico/a deportivo/a de tenis** de acordo coas seguintes bases:

1. OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais no posto de traballo de técnico/a deportivo/a de tenis da Fundación USC.

Ao finalizar este procedemento quedarán como secundarias as bolsas de emprego conformadas nos procesos de selección convocados o 23 de febreiro de 2018 e o 3 de marzo de 2016 (código 04).

2. CARACTERÍSTICAS DA LISTA

- A cobertura de postos con carácter temporal efectuarase a través dun sistema de lista pechada na que a orde de prelación virá dada pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto.

3. COÑECEMENTOS E FUNCIÓNS

- Realización das tarefas propias dun/ha técnico/a deportivo/a de tenis con grupos de diferentes idades.
- Realización das tarefas de control e asistencia dos diferentes grupos.
- Planificación e programación das sesións.
- Dinamización directa das clases técnicas.
- Acompañamento, se é o caso, dos/as deportistas e equipos a diferentes competicións.
- Fomento da educación en valores deportivos ao alumnado.

- Velar polo bo uso das instalacións e o material deportivo.
- Manter a orde e o control do alumnado.
- Todas as demais que estean relacionadas co tenis e outras actividades de raqueta.

4. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a elaboración da bolsa de emprego, así como para o seu control e correcta utilización, nomearase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración terá como funcións as de coordinar, executar e valorar o proceso de selección de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade velando polo estrito cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos.

A Comisión de Valoración poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores/as e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso.

A Comisión de Valoración será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación.

A Comisión de Valoración será nomeada e publicada na páxina web da Fundación USC antes do comezo do proceso selectivo.

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente, cando conorra neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran ditas circunstancias, a tenor do establecido no artigo 24 da mesma lei.

5. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publicarase no **perfil de emprego** da entidade, na súa páxina web (www.fundacionusc.gal)

6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.1. As persoas interesadas nesta convocatoria que reúnan os requisitos establecidos presentarán as súas solicitudes directamente na sede da Fundación Universidade de Santiago de Compostela sita en Edificio Emprendia, planta primeira S1, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela, en horario de atención ao público 9:00 a 15:00 horas de luns a venres.

6.2. As persoas interesadas nesta convocatoria tamén poderán presentar as súas solicitudes mediante correo certificado, nos termos previstos no RD 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos Servizos Postais, e deberán ser remitidas á Sede Social da Fundación USC, Edificio Emprendia, planta primeira S1, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela. Neste caso, a persoa interesada deberá xustificar a data de envío e anunciar á Fundación USC a remisión da documentación mediante correo electrónico (contratos@fundacionusc.gal) ou burofax o mesmo día.

6.3. O prazo para presentar solicitudes será desde **o día 20 de setembro de 2022 ata o día 29 de setembro de 2022.**

6.4. Non serán admitidas ao proceso as solicitudes que non se reciban na forma e prazo establecidos.

6.5. Na instancia de solicitude as/os aspirantes deberán asinar a declaración responsable que figura no documento, pola cal aceptan as bases e se comprometen a achegar a documentación que nela se indica.

As persoas interesadas cubrirán obrigatoriamente a súa solicitude segundo o documento que se xunta como **INSTANCIA DE SOLICITUDE** e que estará dispoñible na web da Fundación USC.

7. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA PODER SER ADMITIDOS

7.1. Para seren admitidas, as persoas aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter no momento de formalizar o contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou a dalgún estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ao cal, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais de algún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores de da dita idade que vivan ás súas expensas.

Quen, non sendo español nin nacional dun Estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación mínima requirida: **Instrutor Nacional de Minitenis**.

7.2. A instancia de solicitude deberá ir acompañada obrigatoriamente da seguinte documentación que xustifica os requisitos do apartado anterior:

- Copia do DNI, ou no seu defecto copia do pasaporte.
- Copia da titulación mínima requirida indicada no punto 7.1. das bases.

8. OUTRA DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE

8.1. Currículo vitae actualizado.

8.2. A formación xustificarase con copia dos diplomas de formación académica, específica deportiva ou de formación complementaria.

8.3. A experiencia laboral xustificarase con:

- Copia dos contratos de traballo e/ou certificados de empresa onde conste a categoría e os períodos nos que se prestaron os servizos.
- Informe de vida laboral expedido pola Tesorería General de la Seguridad Social.

8.4. coñecemento da lingua galega xustificarse coa copia do Celga correspondente.

8.5. A comisión de valoración non valorará aqueles méritos que non se atopen suficientemente acreditados documentalmentemente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

A Fundación USC reserva o dereito a solicitar ás persoas participantes en calquera momento do proceso, a documentación orixinal ou copia compulsada que entregou durante o mesmo para cotexar.

No momento da contratación á persoa seleccionada poderá requirírselle que faga entrega de copia compulsada da documentación que entregara durante o proceso.

9. LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

9.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes será publicada no portal de emprego da páxina web da Fundación USC a resolución coas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas.

9.2. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución no portal de emprego da Entidade.

9.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo establecido non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídos/as na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídos/as.

9.4. Para emendar a exclusión ou omisión os aspirantes deberán presentar unha solicitude de alegacións a través dos mesmos medios que utilizou no apartado 6.1 e 6.2 desta convocatoria.

10. LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicaranse nos lugares indicados no punto 9.1., a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

A partir do momento da corrección de erros, non se poderán modificar os contidos da solicitude, agás os referentes a datos que se orixinaran por mor de cambio de domicilio, de número de teléfono ou enderezo electrónico.

11. SISTEMA DE SELECCIÓN E BAREMO

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

FASE I. Valoración de méritos (máximo 50 puntos)

A Comisión de Valoración poderá establecer unha puntuación mínima para ser convocados á Fase II.

Esta fase será cualificada de **0 a 50 puntos** desagregados como se especifica a continuación.

A. TITULACIÓN ACADÉMICA (máximo 9 puntos):

- a. Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente: 5 puntos
- b. Ciclo formativo de Grao Superior da familia das actividades físicas e deportivas: 3 puntos
- c. Mestrado ou Posgrao relacionado directamente coas funcións do posto de traballo¹: 1 punto

B. TITULACIÓN ESPECÍFICA² (máximo 9 puntos):

- a. Profesor Nacional (Nivel 3): 9 puntos
- b. Adestrador Nacional (Nivel 2): 6 puntos
- c. Monitor Nacional (Nivel 1): 3 puntos

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

C. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máximo 2 puntos):

Valoraranse cursos recibidos de formación e perfeccionamento, emitidos por centros e organismos oficiais (administración estatal, autonómica ou local), universidades, federacións deportivas estatais ou autonómicas e outros realizados no estranxeiro, igualmente, con certificado dalgún organismos semellante ou equivalente. Os cursos restantes de entidades privadas valoraranse coa metade da puntuación cos primeiros.

Puntuación para os cursos relacionados coa praza:

- a. Cursos de aptitude recibidos: 0,02 puntos hora (0.01 puntos en entidades privadas)
- b. Cursos de asistencia recibidos: 0,01 puntos hora (0.005 puntos en entidades privadas)

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

D. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (máximo 1 punto)

- a. Celga 2: 0,4 puntos
- b. Celga 3: 0,6 puntos
- c. Celga 4 e superior: 1 punto

E. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 29 puntos)

- a. Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares na Fundación USC: 0,5 puntos por mes
- b. Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares en administracións públicas ou entidades pertencentes ao sector público: 0,4 puntos por mes
- c. Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares en entidades privadas: 0,3 puntos por mes

¹ Estar en posesión dun máster impartido por centros de titularidade pública ou privada homologados e relacionados directamente coas funcións a desempeñar (1 punto por máster cun máximo de 1 punto).

² Só se valorará un título, non téndose en conta o título que servise para a obtención dun título superior.

FASE II. Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Esta fase será cualificada de **0 a 25 puntos**.

A entrevista persoal que será realizada pola comisión de valoración e aqueles asesores que se poidan nomear será individual e valorarase o seguinte:

- Coñecemento da entidade que realiza o proceso de selección.
- Coñecemento sobre a evolución do tenis e o exercicio físico na actualidade.
- Coñecemento do deporte universitario e en particular do tenis na USC.
- Actividade física, saúde e benestar físico.
- Elaboración e planificación dos contidos para a dinamización de sesións de tenis de diferentes niveis e idades con carácter anual.
- Valoración do currículo vitae presentado polo aspirante coa finalidade de coñecer as competencias e habilidades do candidato/a.
- Valoración da capacidade de traballo en equipo, habilidades de comunicación, capacidade de ensinanza, iniciativa e toma de decisións.

Será publicada unha listaxe co día, a hora e o lugar de realización da entrevista na páxina web da Fundación USC (www.fundacionusc.gal) no apartado de emprego.

Nesta segunda fase, as persoas candidatas deberán presentar a identificación correspondente co seu DNI ou Pasaporte orixinal, en ambos casos en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación de ditos documentos, os candidatos e candidatas deberán aportar acreditación de estar en proceso de renovación.

A falta de puntualidade/presentación das persoas candidatas respecto ao día e hora da súa convocatoria na entrevista conlevará a exclusión automática e definitiva do proceso de selección -agás causa de forma maior, debidamente xustificada e libremente apreciada pola comisión de valoración-, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

Rematada esta última fase, determinarase a relación final de persoas candidatas seleccionadas na páxina web da Fundación USC no apartado de emprego.

12. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE LISTAXE DE ESPERA E RECLAMACIÓNS

12.1.A proposta provisional de listaxe de espera formulada pola comisión publicarase na páxina web (www.fundacionusc.gal) no apartado de emprego.

12.2. A proposta provisional publicarase por estrita orde de puntuación final en orde decrecente.

12.3. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte sen prexuízo de aplicación conforme á lexislación vixente:

- Puntuación obtida no apartado de experiencia.
- Puntuación obtida no apartado de formación académica.
- Sorteo.

12.4. Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante a comisión no prazo máximo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación na páxina web, a través dos mesmos medios que utilizou no apartado 6.1 e 6.2 desta convocatoria.

12.5. As reclamacións serán resoltas pola comisión de valoración.

12.6. Rematado o prazo sinalado no punto 12.4. sen terse presentado reclamacións ou, unha vez que foron resoltas, a comisión elevará a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe de espera, e publicarase nos lugares indicados no punto 12.1.

12.7. A entrada en vigor da listaxe de espera será ao día seguinte da súa publicación definitiva.

12.8. Unha vez rematado o proceso selectivo as persoas candidatas poderán recoller a documentación presentada na sede da Fundación USC solicitándoo por escrito a través do correo electrónico (contratos@fundacionusc.gal). De non retirarse no prazo de tres meses procederase á súa destrución.

13. FORMACIÓN E REGULAMENTO DA LISTAXE DE ESPERA

• **Acórdase regular os chamamentos cos seguintes criterios:**

1. Recibida solicitude escrita por parte da xefatura de servizo ou no seu defecto por parte dos coordinadores e unha vez autorizada a mesma pola Xerencia da Fundación, o procedemento para o chamamento consistirá en realizar a proposta á persoa que lle corresponda.
2. A oferta de incorporación realizarase do seguinte xeito:
 - a. Procedemento ordinario:
 - i. Telefonicamente ou correo electrónico: o primeiro contacto farase mediante chamada telefónica ou correo electrónico, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto.
 - ii. Cando non sexa posible efectuar o contacto por calquera dos medios anteriormente citados remitirase carta certificada con acuse de recibo.
Recibido o resguardo de aviso, sen ter resposta, procederase a chamar ao/a seguinte aspirante.
Efectuado o chamamento o candidato/a terá un prazo de 48 horas para comunicar a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido o prazo sen comunicación por parte do aspirante realizarase chamamento ao seguinte da listaxe.
 - b. Procedemento de urxencia: utilizarase para cubrir aqueles postos que por circunstancias especiais non sexan susceptibles da espera necesaria prevista para o procedemento ordinario.

O medio utilizado será: chamada telefónica, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto, procedéndose no mesmo día a contactar coa seguinte persoa aspirante se non se tivera resposta do/a anterior.

Nos supostos de chamada telefónica a xerencia ou responsable da área deportiva fará constar mediante dilixencia a realización das mesmas e se tiveron ou non resposta.

Os/As candidatos/as aos/as que se lles realice un chamamento e renunciem sen causa xustificada pasarán para o final da listaxe de espera. Cando se efectúe o terceiro chamamento e sen causa xustificativa renunciem á incorporación, causarán baixa na listaxe tal e como recolle o punto 1 do procedemento para regular as causas de baixa da mesma.

• **O procedemento para regular as causas de baixa na listaxe e as causas xustificadas de permanencia terá os seguintes criterios:**

1. **Causas de baixa na listaxe:**

- a. Renuncia á incorporación sen causa xustificativa cando se efectúe o terceiro chamamento pola Fundación USC e sexa rexeitado.
- b. A non comparecencia ao acto de sinatura do contrato ou da incorporación na data indicada sen causa xustificada e despois de ter aceptado o chamamento.
- c. Petición de baixa voluntaria na entidade durante o período no que o integrante da lista estivese contratado/a ou en calquera outro período de forma voluntaria e sen causa xustificada e motivada.
- d. A non superación do período de proba.

2. **Causas xustificables de permanencia na lista:**

Coa finalidade de garantir a permanencia na lista daquelas persoas que se atopen en determinadas situacións, admitirase a renuncia ao chamamento sempre que se xustifique de forma suficiente, nos seguintes supostos:

- a. Enfermidade, embarazo, maternidade, paternidade ou adopción legal ou enfermidade grave dun familiar directo.
- b. Exercicio de representación sindical ou designación para cargo público.
- c. Permisos ou licencias por matrimonio.
- d. Permisos ou licencias por falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade
- e. Conciliación familiar por coidade de menores ou coidado directo de maiores dependentes.
- f. Ter contrato en vigor.

Os/as aspirantes afectados por estes supostos quedarán suspendidos temporalmente da lista. Cando as causas que motivaron a renuncia teñan remitido, o/a interesado deberá comunicalo por escrito á Xerencia da Fundación USC para ser incluído novamente no posto que estaba.

Os/as aspirantes poden por iniciativa propia solicitar a suspensión dos chamamentos comunicándoo a Fundación.

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo manterase ata que se produza un novo proceso selectivo, temporal ou permanente.

14. DISPOSICIÓNS FINAIS

A Fundación USC resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a

veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos- así como de calquera outra, aportada polo/a aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada conlevará a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de candidatos/as seleccionados/as e da lista de agarda, no seu caso, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación aos/as candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de "localización" indicados na solicitude; por este motivo, as persoas interesadas comprométese a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmos.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación USC requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

A Fundación USC garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatas/as; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulten de aplicación.

Firmado
digitalmente por
HERMIDA OTERO
OSCAR
76578430E
Fecha: 2022.09.19
10:19:35 +02'00'



En Santiago de Compostela
O xerente
Óscar Hermida Otero

Instancia de solicitude para a inclusión na listaxe de agarda de TÉCNICO/A DEPORTIVO/A DE TENIS con vinculación temporal.

<p>Espazo reservado para a Entidade</p> <p>Selar e asinar unicamente no interior deste recadro</p>	<p>Data de entrada</p> <p>___/___/___</p>
---	--

Datos persoais:

Nome:	Apelidos:
NIF:	Data de nacemento:
Concello:	Enderezo (rúa, praza, avda...):
Provincia:	Código postal:
Teléfonos: -	Nacionalidade:
Correo electrónico:	

Documentación que acompaña:

- Copia do DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia*
- Currículo actualizado*
- Documentación acreditativa dos méritos para a súa valoración.*
- Copia da titulación solicitada no punto 7.1. das bases da convocatoria*

DECLARO: que coñezo e acepto as bases reguladoras, que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade para celebrar contrato laboral coa Fundación USC así como que non padezo enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións asignadas ao posto de traballo.

AUTORIZO: á Fundación USC a comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento DNI por medio de acceso electrónico.

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria citada, a fin de participar no proceso de selección correspondente.

_____, a ___ de _____ de 2022

SR/A. XERENTE DA FUNDACIÓN USC

Sinatura
